# LUGO

## INFORMACIÓN CULTURAL E TURÍSTICA 2024

Concello de Lugo

Área de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua

## VENRES 07/06 A XOVES 13/06



Concello de Lugo
Casa das linguas








# CASA DAS LINGUAS

## CURSO 2024 - 2025

**Incricións abertas do 6 ó 21 de Xuño.**



Cursos de idiomas para xente de 0 a 99 anos. Dende iniciación ata nivel avanzado.




Prezo: 30.90 € anuales

- INGLÉS
- FRANCÉS
- GALEGO
- PORTUGUÉS
- LINGUA DE SIGNOS
- ALEMÁN
- XAPONÉS





**Contáctanos**

982-29-72-48
982-80-78-38

casa.linguas@lugo.gal
casa.linguas.balteira@lugo.gal







Concello de Lugo

Área de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua

# LUGO

## INFORMACIÓN CULTURAL E TURÍSTICA

Información elaborada o xoves 06/06. Séguenos nas nosas redes, e segue as redes das entidades, promotores culturais e medios de comunicación locais para as actualizacións correspondentes.

982 297 199

LugoTurismo

culturaturismolugo

LugoTurismo

**ENTRADASLUGO.ES**

**Para recibir este boletín: envía a túa dirección de correo electrónico a 010@lugo.gal Asunto: boletín.**

LUGO

# NOTICIAS


• Maite Ferreiro

A edil de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua, Maite Ferreiro, anuncia a volta do posto de información turística da praza Maior.

Maite Ferreiro destacou a importancia deste punto, "que nos permite aumentar ano tras ano a cantidade de visitantes que reciben información turística á súa chegada a Lugo para mellorar a súa estancia na cidade".

Durante o ano pasado, o punto de información turística atendeu en a preto de 50.000 persoas.




A concelleira de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua, Maite Ferreiro, e Rubén Arroxo, Tenente Alcalde, visitaron o posto de atención turística da praza Maior



SUSO SAMARTINHO
SEMPRE EM WAIKIKI
MEMÓRIAS HAVAIANAS DUM SOBERANISTA GALEGO
LANÇAMENTO DO LIVRO EM
LUGO
--KINGDOM OF GALIZA TOUR--
SEX, 07-JUN-2024 *
19h00 (CEST)
LIBRERÍA TRAMA LUGO
ONDE VIVEN OS LIBROS
* Antevéspera da Oferenda do Reino da Galiza ao Santíssimo Sacramento (DOM, 09-JUN-2024).
Com a participação de:
EDITORIAL TOXOSOUTOS
LOLA LÓPEZ CAIÓN
O SUSODITO




QUIQUE DE LA FUENTE
TXAPELA CÁDIZ
ABRAHAM MARTIN
JESÚS PIÑA
APELLIDOS ANDALUCES
HUMOR 100% ANDALUZ
LUGO
AUDITORIO GUSTAVO FREIRE
VIERNES 7 DE JUNIO | 21:00 HORAS
VENTA DE ENTRADAS EN
Ataquilla.com




SEXTA-FEIRA 7 JUNHO
[2024]
ÀS 20 HORAS
UMHA PALESTRA DE:
ALFONSO BLANCO [A.C. XERMOLOS]
CARLOS BARROS [S.C.D. DO CONDADO]
O POVO AUTO-ORGANIZADO
5 DÉCADAS DE RESISTÊNCIA POPULAR
scd.condado
mádia leva!
Xermolos

Concello de Lugo

Área de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua














BEACH AVENUE
SAB.
08
JUN.
JAGGER
LIVE




CONXUNTO VOCAL LUGH
CONCERTO XXV ANIVERSARIO
Homenaxe á Cidade de Lugo
DATA:
9 DE XUÑO
2024
LUGAR: SALÓN DE ACTOS EDIFICIO ADMINISTRATIVO XUNTA DE GALICIA
Ronda da Muralla, 27 Lugo
HORA:
19:00 H.
(Sete da tarde)
Colabora:
XUNTA DE GALICIA




VESPERI LUX
MIGUEL GENDRE & JUANMA LODO
MOSTRA ABERTA
reserva de entradas 604002295
9 XUÑO - 19h
Museo MIHL
A B
*actividade de balde
XUNTA DE GALICIA
SÓLODOS




A Hedreira
"ALÉN DOS LÍMITES ESTABLECIDOS: A QUEERIFICACIÓN DO COTIÁ COMO FERRAMIENTA PARA POR PATAS ARRIBA TODO O COÑECIDO"
C.S.-C.A. A Hedreira
Rúa Catasol, 17- Lugo
LUNS 10/06 - 18:00
CON
ANDREW GARTZEA
@ANDREWGARTZEA
AVANTE LGBT+ Lugo



HÉRCULES DE EDICIONES
invítate á presentación do libro
El cuarto vértice
Carlos Moreno Lugrís
Acompañando o autor estarán o doutor Francisco Javier Neira Pampín e a editora de Hércules de Ediciones Laura Rodríguez Herrera
Mércores, 12 de xuño ás 19:00 horas
O vello cárcere. Centro sociocultural
Praza da Constitución s/n - Lugo




SABELA EIRIZ
Un lugar desprazado coma o meu corpo
19 abril / 29 xuño 2024
Inauguración: venres 19 de abril ás 19h
Lamas de Prado 31, Lugo
galerianeboa.com
NÉBOA




SEMENTES DE RUDERAL
NOA RODRIGUEZ MENDEZ
13/06
LEIRA.HAUS
PRAZA DO CAMPO 1 BIS,27001 LUGO

Concello de Lugo
Área de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua



XULLO E AGOSTO

1/07-15/07

16/08-31/08

# SUMMER CAMP

CASA DAS LINGUAS

**AS INSCRICIÓNS ÁBRENSE O LUNS 3 DE XUÑO ÁS 10:00 DA MAÑÁ.**

Realizáranse mediante correo electrónico.

- Estrada da Granxa : casa.linguas@lugo.gal
- María Balteira: casa.linguas.balteira@lugo.gal

NEN@S DE 3 A 10 ANOS

@s nen@s deberán ser autónomos para ir o baño

# Animación á lectura e contacontos

## Abril xuño 2024



**Biblioteca Municipal Isidro Novo MIHL**
**Parque da Milagrosa**

Presentamos unha nova programación de animación á lectura pensada para achegar ás e aos máis pequenos á biblioteca, ao mundo da lectura e aos contos.
Para asistir aos contacontos é preciso retirar unha entrada a través do portal entradaslugo.es. As entradas son gratuítas e estarán dispoñibles desde o luns da semana da actuación. Para a actividade do 23 de abril, tamén de balde, haberá que inscribirse na biblioteca o no teléfono 982297414 (a partir do xoves 18 de abril).
As persoas adultas que acompañen aos nenos e nenas aos contacontos terán que retirar tamén entrada. Para dar preferencia ao público infantil, permitirase só un acompañante adulto por unidade familiar e entregaranse un máximo de tres entradas por persoa.
É importante que vos fixedes nas idades ás que vai destinada cada sesión.

Concello de Lugo
Área de Cultura, Turismo e Promoción da lingua

ler conta moito

#ActivandoLugo

**Martes, 23 de abril ás 18:00 horas na biblioteca**
**ANTÍA YÁÑEZ**
"PLAN DE RESCATE (Escape Room)"
Idades: A partir de 7 anos
Duración: 70 minutos
Celebramos o **Día do Libro** cun escape room baseado no libro "Plan de rescate" de Antía Yáñez. Para escapar da biblioteca, a rapaza terá que seguir as pistas e rescatar aos compañeiros e compañeiras que fiquen atrás. Serán capaces? Só teñen unha hora!
(Inscrición na biblioteca ou no teléfono: 982297414)

**Xoves, 2 de maio ás 18:00 horas no MIHL**
**PAKOLAS**
"A Ramona pequena vai á Lúa"
Idades: A partir de 3 anos
Duración: 50 minutos
Pakolas conta e canta a historia de Ramona pequena, unha nena movida por constantes inquietudes que adora perderse entre as páxinas de Xulio Verne. Unha nova aventura rockeira de Ramona Órbita na súa infancia, chea de imaxinación e aprendizaxe.

**Xoves, 9 de maio ás 18:00 horas no MIHL**
**TRÉCOLA TEATRO**
"O TESOURO"
Idades: a partir de 4 anos
Duración: 40 minutos
Contacontos teatralizado no que, da man de dúas aventureiras, iremos coñecendo os contos: "11 damas atrevidas", " Teresa non quere ser princesa", "Bieito e o seu carriño", "Unllas de cores" e "Monstro Rosa". Da man dos seus protagonistas. descubriremos o tesouro que buscan: todos somos diferentes e isto é o máis divertido.

**Xoves, 30 de maio ás 18:00 horas no MIHL**
**BEA CAMPOS (MIGALLAS TEATRO)**
"CINCO RATIÑOS DE CONTO"
Idades: de 1 a 3 anos
Duración: 30 minutos
Na aldea do queixo fresco os ratiños cantan cancións e escoitan divertidas historias como a da ratiña e a moeda de ouro ou a do rato que se agocha nun zapato. Sons e texturas apoian as historias e captan a atención dos nenos e nenas, nunha proposta sinxela e divertida para gozar en familia.

**Xoves, 6 de xuño ás 18:00 horas no MIHL**
**CAXOTO**
"GRANDES ÉXITOS 2004-2024 (Cantar e contar)"
Idades: a partir de 4 anos
Duración: 60 minutos
O gran contador de contos Caxoto leva xa 20 anos percorrendo bibliotecas e escenarios de toda Galicia. Para celebrar esta efeméride, decidiu facer unha selección dalgún dos seus maiores éxitos, centrándose na parte máis musical, para dar lugar a un espectáculo festivo, cheo de contos e cantos.

**Xoves, 13 de xuño ás 18:00 horas no MIHL**
**PAULA CARBALLEIRA**
"TRES IRMÁS, TRES CAMIÑOS E TRES GRANDES PERIGOS"
Idades: a partir de 4 anos
Duración: 50 minutos
En moitos contos hai tres irmás: a maior, a do medio e a pequena, pero en poucos contos teñen nome, nome propio, e o nome é importante para que se lembren de ti e da túa aventura. En moitos contos hai camiños, a miúdo é un só camiño, pero se hai tres, cada irmá pode escoller o seu propio destino.

CEMITERIO MUNICIPAL

# SAN FROILÁN

**Programación Cultural • xaneiro/xuño 2024**




A nosa memoria,
a memoria da cidade.
O que foi e o que é...
Memoria viva

| | | |
|---|---|---|
| 10 | MAR | **MULLERES DESTACADAS,** por Achádego Teatro |
| 17 | MAR | **DÍA DO PAI.** Intervención musical de Iria Estévez |
| 14 | ABR | **MALLO, ASOREY E OS SEUS ANXOS,** por Achádego Teatro |
| 05 | MAI | **DÍA DA NAI.** Intervención musical de Iria Estévez |
| 12 | MAI | **ESCOITANDO AOS ESCRITORES/AS,** por Achádego Teatro |
| 09 | XUÑ | **DA «NEGRA SOMBRA» A «SABELIÑA»,** por Achádego Teatro |

**VISITAS GUIADAS PARA ESCOLARES** +info cemiterio@lugo.gal

Concello de Lugo
Área de Participación e Servizos para a veciñanza

ESPAZO Memoria Viva

ACHÁDEGO TEATRO



Mellor Monumento Arquitectónico de Cemiterios de España, 2015
Mellores Actividades de Portas Abertas en Cemiterios de España, 2017

+info: cemiterio.concellodelugo.gal



Clavicémbalo
Club de Arte e Música

www.clavicembalo.com
Reservas: tel. 982 243 270 ou no
E-mail: club@clavicembalo.com

Horario de xoves a sábado a partir das 21:30 h.
Horario dos concertos: *mércores* e xoves ás 21:30 h.
Venres, sábado e véspera de festivo ás 22:30 h.

## Xuño 2024

**Sábado 1...**

**Anxo Araújo**
Anxo: voz e guitarra; Faus Camaño: batería; Julio Visi: percusión latina; Jose Visi: guitarra, teclado; Borja López: trombón e sintetizadores.

**Xoves 6, venres 7 e sábado 8...**

**Microefectos Dramatúrxicos**
Pases ás 20:30 e 22:30 horas.
Pezas: *La Cangrena* de Pepe Saavedra. *Non foi sen tempo* de Elvira Velasco. *Main Stage* de Brais García. *Wonderful world: a leiteira vs Maslow* de Isa Herrero.

**Xoves 13**

ás 21:30 horas... **Festa Fin de Curso da Academia Fábrica de Sons**
ENTRADA DE BALDE

**Venres 14...**

**Fruit Juzz. Jazz, jazz!**
Luis Castañón: batería;
Aarón Cazás: baixo;
Jorge Tojeiro: guitarra.

**Sábado 15...**

**Exeria + Archivo Adjunto**
Mateo González: voz e guitarra; Martín Alfaya: voz e coros; Miguel Martínez: baixo; Diego Lage: batería.
Exeria: banda de *rock* alternativo en galego formada por músicos xa rodados e, maioritariamente, influenciados polo *grunge* e *rock* dos 90, a música da súa infancia, gañadora do concurso de bandas do Trece Roeis Fest.

**Domingo 16...**

**The Darts** | USA | Organiza FACELA
Michelle Balderrama: guitarra, voces; Nicole Laurenne: órgano, voces; Christina Nunez: baixo, voces; Rikki Styxx: batería, voces.
Orixinaria de Phoenix e Los Ángeles, The Darts nace no 2017 banda de garaxe *rock* psicodélico formada por catro rapazas. En apenas un lustro tratáronse con Billie Joe Armstrong, Stephen King, Jello Biafra e Black Dahlia...

**Luns 17...**

**Escola AULOS | Festival de música moderna do curso 2024/25**
**Entrada de balde**
Participan vocalistas, instrumentistas e grupos de música moderna.

**Mércores 19...**

**Gilipojazz** | **19 Congreso ACCES**
**Entrada libre ata esgotar localidades.**
Iker García, Ángel Cáceres, Pablo Levin.
Gilipojazz é un *power* trío madrileño de *jazz punk*, combinación á que se engaden outros xéneros como funk, *rock* progresivo, metal e música clásica en pinceladas. A esta mestura heteroxénea hai que suma-la comicidade que desprenden os directos, pode lembra-la súa posta en escena a Les Luthiers e a Tricicle. Ademais, Gilipojazz, déixase influenciar por múltiples bandas e artistas: Frank Zappa, System of a Down, Tower of Power, Screaming Headless Torsos, Magma, Cardiacs...

**Xoves 20...**

*Impro* **Curuxán**

**Venres 21...**

**Daydream Sessions**

**Sábado 22...**

**Los Wavy Gravies**
Koko: contrabaixo, Jorge: guitarra;
Martín: batería.
Con antecedentes en bandas como Los Hijos Bastardos de Peter Lorre e The Allnight Workers, os irmáns Rufus *el Guarro* e Jorge Lorre montan un novo grupo no 2014 co obxecto de facer dos seus concertos auténticas celebracións do *rock 'n' roll* nas que o *frat*, o *surf* instrumental, o garaxe e incluso o *punk* teñen unha cita ineludible coa diversión e o sentido do humor. Se queres unha *wild primitive* festa de *rock 'n' roll*, LOS WAVY GRAVIES hancha ofrecer!!!

**Xoves 27**

ás 22:00 horas... **Fin de curso Escola de música de Lourdes Santos.** Entrada libre

**Venres 28**

ás 21:30 horas... *Colección Romántica*
**David Taboada e Sergio Alba** idearon este espectáculo que busca agasalla-lo público cunha experiencia emocional única inspirada pola coidada selección de temas musicais para a ocasión. Ambolos artistas, que contan cunha dilatada traxectoria na interpretación e na docencia musical, crearon a obra para logra-la conexión co espectador mediante unha presentación intimista de voz e piano.

♠ 23:00 horas **Hilario Rodeiro Quintet**
**Galicia/Euskadi**
Juan de Diego: trompeta; Eneko Diéguez: saxo alto; Julen Izarra: saxo tenor e soprano; Kike Arza: contrabaixo; Hilario Rodeiro: batería e composición.
***Pausa*** móvese nos lindes entre o *pop rock* e o *jazz experimental*. A posta en escena do quinteto mostra parte do próximo álbum, que se publicará en xuño de 2024, así como outras composicións do autor e versións escollidas de cantares do folclore e do *pop rock* internacional.

**Sábado 29...**

**Madame Bird** | *black music*
**Man de Santo**
♠ Madame Bird • Toñete: baixo; Jose Triay: guitarra; Alberto Camba: batería; Carla de Figueredo: voz.
♠ Man de de Santo • María Castro: voz; Ara M.: teclados; Fiz Ouro: saxo tenor; Luis Montero: saxo alto; Clos Salgado: saxo soprano; Santi Pardao: guitarra; Álvaro Gay: batería.

Emenda e traduce: Shul Ling | saddayakko@gmail.com

XUNTA DE GALICIA · AGADIC · clubtura · + INFO · Entradas en: woutick!


FA CE LA
COA PRESENTACIÓN MUSICAL DE
FACELA FABRICA
04 DE MAIO 19:00H.
EXPOSICIÓN
FACELA FEST
UN FESTIVAL
DE AUTOR
DO 04 DE MAIO AO 31 DE XULLO | 2024
Concello de Lugo
MIHL | MUSEO INTERACTIVO DA HISTORIA DE LUGO


INFO
IMPORTANTE
CAMPAMENTOS VERÁN MIHL
2024
INSCRICIÓNS POR SEMANAS
DO 24 DE XUÑO AO 6 DE SETEMBRO
NEN@S DE 3 A 12 ANOS
DE 9:00 A 14:00 H
DESLIZA PARA
VER AS BASES

## BASES

As presentes bases teñen como obxecto regular o procedemento de matrícula nos campamentos de verán do museo MIHL para o ano 2024.
As actividades realizadas no campamento serán fundamentalmente de contido artístico, con temáticas variadas como a prehistoria, o mundo romano, arqueoloxía, as mulleres artistas, cómic e arte urbana, contando con tempo de xogo e esparexemento.
Poderán solicitar praza os nenos/as empadroados/as no Concello de Lugo nados/as entre os anos 2012 e 2020 (ambos anos incluídos).
O número de prazas ofertadas por semana é de 15.
Os nenos/as que opten a praza deberán de ser autónomos/as para ir ao baño.
Os campamentos de verán no MIHL levaranse a cabo nas instalacións do museo de luns a venres dende o 24 de xuño ao 6 de setembro nas seguintes semanas:

Xuño:
- Do 24 ao 28

Xullo:
- Do 1 ao 5
- Do 8 ao 12
- Do 15 ao 19
- Do 22 ao 26
- Do 29 ao 2 agosto

Agosto:
- Do 5 ao 9
- Do 12 ao 16
- Do 19 ao 23
- Do 26 ao 3o

Setembro
- Do 2 ao 6

# BASES

A actividade dará comezo ás 09:00 e finalizará ás 14:00 horas.

A recollida dos/as participantes realizarase por parte das persoas que presentaron a inscrición. No caso de non ser así, a persoa que acuda debe estar autorizada por escrito polos/as pais/nais ou titores/as do menor.

As persoas autorizadas para a recollida non poderán ser menores de idade. Non será posible que os/as participantes acudan ou abandonen a actividade sen estar acompañados/as por unha das persoas autorizadas.

- Os/as participantes non poderán saír ou abandonar a actividade sen o acompañamento do pai, nai ou titores/as autorizados/as.

- Gardaranse as normas de respecto entre os/as usuarios/as e os/as monitores/as. - As persoas participantes deberán seguir as directrices sinaladas en todo momento polo persoal responsable e monitores/as do programa. Non está permitido ningún tipo de comentario violento, físico e verbal.
- Todos/as os/as usuarios/as do campamento de verán deberán asistir e participar nas actividades programadas durante as semana, agás xustificación oportuna.
- No caso de que a persoa participante presente algunha enfermidade, alerxia ou información relevante que se considere que poida influír na participación dalgunha actividade ou pola que sexa necesario prestar especial atención, deberá comunicarse á organización antes do inicio das actividades.

- Os/as usuarios/as do programa deberán manter unha hixiene individual diaria adecuada para o correcto desenvolvemento do programa e boa relación interpersoal.

## BASES

As prazas outorgaranse por rigurosa orde de inscrición

A listaxe de admitidos será publicada o día 14 de xuño para as semanas de xuño e xullo e o 12 de xullo para as semanas de agosto e setembro. O prazo de formalización será ata o 21 de xuño e ata o 31 de xullo, respectivamente.

Unha vez admitidos, deberase de aportar a documentación necesaria para realizar a formalización da inscrición.

- Fotocopia do DNI do pai, nai ou titor legal que presente a solicitude.
- Fotocopia do DNI do menor ( no caso de telo).
- Folla de inscrición cuberta.
- Autorización da toma de imaxes no seu caso.

De non formalizarse a inscrición no prazo establecido perderase o dereito á praza podendo ser cuberta polo primeiro neno/a da lista de agarda.

No suposto de que algún dos/as menores admitidos incumpran as obrigas de asistencia sen a xustificación oportuna, causará baixa na actividade solicitada, sendo cuberta a praza con alumnos/as da lista de agarda.

No caso de quedar prazas libres, unha vez rematada a listaxe de agarda, poderán cubrirse con participantes que xa optaran a outras quendas, mediante correo electrónico ou inscrición telefónica.

# BASES

O procedemento de concesión do servizo iniciarase a solicitude das persoas interesadas, e realizarase por orde de inscrición mediante correo electrónico dende:

- O día 3 ao 12 de xuño para as semanas con data de comezo nos meses de xuño e xullo a partir das 10:00 da mañá.
- O día 1 ao 10 de xullo para as semanas con data de comezo nos meses de agosto e setembro a partir das 10:00 da mañá.

As solicitudes deberán de ser dirixidas á dirección de correo do museo MIHL: museo.mihl@lugo.gal

Tamén se poderá presentar a solicitude de xeito presencial no MIHL, que recepcionará vía email dita solicitude xa que non se admitirán inscricións que non estean presentadas por correo electrónico.

Poderase solicitar por orde de preferencia varias semanas por alumno/a, outorgándose unicamente unha semana por alumno/a. A solicitude de irmáns haberá de realizarse no mesmo correo indicando os seguintes datos:

-Nome do alumno/a
-Semana solicitada por orde de preferencia.
-Data de nacemento
-Semana solicitada
-Teléfono de contacto

## BASES

- Todos/as os/as participantes deberán asistir con roupa cómoda e ademáis cun mandilón ou similar para protexer a roupa durante as actividades.

- Todos/as os/as participantes deberán acudir cunha mochila ben identificada que inclúa os seguintes enseres tamén identificados: Botellín de auga, gorra e pequena merenda.

- Durante a actividade non está permitido o uso de teléfono móbil, consolas e ningún outro dispositivo electrónico. Tampouco é recomendable traer obxectos de valor que sexan innecesarios ou delicados. A organización do programa non se fará responsable da perda, roubo ou extravío de ditos obxectos.

- O incumprimento destas normas por parte dos/as participantes suporá a toma de medidas oportunas por parte da organización, reservándose o dereito de expulsión se considera que a situación producida pode influír de forma negativa no correcto desenvolvemento do programa.

# BASES

De acordo co establecido na Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, infórmaselles de que os seus datos persoais son tratados polo Concello de Lugo coa finalidade de tramitar a súa solicitude. A persoa titular poderá exercer os seus dereitos de oposición, acceso, rectificación ou cancelación, a través do Rexistro Xeral deste Concello, con domicilio na Pza. Maior s/n, onde lle facilitarán o impreso correspondente, ou na forma prevista na Lei 30/1992, de 26 de novembro.

A presentación cumprimentada da solicitude de participación no programa Verán no Mihl supón a total aceptación destas bases.


Concello de Lugo
Área de Mobilidade e Infraestruturas
Por Lugo:
VAI EN BUS
> Máis barato, máis ecolóxico
e sen buscar aparcamento
#activandoLugo



PROGRAMACIÓN SEMANAL

O VELLO CÁRCERE

DO MARTES 04 AO MÉRCORES 12 DE XUÑO DO 2024



CENTRO SOCIOCULTURAL O VELLO CÁRCERE

Praza da Constitución s/n, 27002 Lugo
982 297 195
vellocarcere@lugo.gal
http://ovellocarceredelugo.gal/

REDES SOCIAIS

www.facebook.com/OVelloCarcere
www.instagram.com/ovellocarcere
www.twitter.com/o_vello_carcere

HORARIO ATENCIÓN AO PÚBLICO

Mañás:
- Todos os días de 11:00 a 14:00 h.

Tardes:
- De luns a sábado de 16:00 a 20:00 h.
- Domingo: 16:00 a 19:00 h.



CENTRO SOCIOCULTURAL O VELLO CÁRCERE

VISITAS GUIADAS

As visitas guiadas teñen un aforo limitado a 25 visitantes e unha duración aproximada de 45-60'.
Recomendamos inscrición previa: 982 297 195.

PÚBLICO XERAL:

Visita guiada sobre a historia do edificio e a Memoria Histórica a través da exposición permanente "O Vello Cárcere: da Guerra á Posguerra":

- Venres: 17:30h.
- Sábados: 11:15h. e 17:30h.
- Domingos: 17:30h.

PÚBLICO FAMILIAR:

Visita guiada adaptada ás idades dos máis novos, sobre a historia do edificio e a Memoria Histórica a través da exposición permanente "O Vello Cárcere: da Guerra á Posguerra":

- Domingos: 11:15h.



CENTRO SOCIOCULTURAL O VELLO CÁRCERE

EXPOSICIÓNS PERMANENTES

'O VELLO CÁRCERE: DA GUERRA Á POSGUERRA'

Exposición sobre as presas e presos políticos da Guerra Civil e da Posguerra, organizada polo Concello de Lugo e a ARMH (Asociación para a Recuperación da Memoria Histórica).

'ELAS'

Exposición da investigadora Aurora Marco que reivindica a presenza da muller galega en diferentes ámbitos, completada con dezaseis serigrafías das artistas Chelo Rodríguez, Ehlaba Carballo, Irene Silva Xiráldez, María Manuela, María Xesús Díaz, Novais, Sabela Arias Castro ou Vanessa Lodeiro.

## CENTRO SOCIOCULTURAL O VELLO CÁRCERE

### EXPOSICIÓNS TEMPORAIS

**'100 ANOS DE TELEFÓNICA EN LUGO'**

Con motivo da celebración do centenario de Telefónica, a Asociación Sénior de Telefónica de Lugo (ASTELU) presenta a exposición temporal "100 anos de Telefónica en Lugo".

Esta mostra contén fotografías, aparellos e materiais que ofrecen un percorrido pola historia da telefonía na provincia de Lugo.
Poderá visitarse dende o **19 de abril ao 30 de xuño de 2024.**

Celas de mulleres: Planta baixa
Celas de homes: Planta baixa + calabozo da 1ª planta

**"ANTES DA DEVORACIÓN DO UNIVERSO" – JESÚS OTERO-YGLESIAS**

Enmarcada no proxecto Ulysses European Odyssey, o artista lucense Jesús Otero-Yglesias presenta esta mostra na que, a través dunha serie de debuxos de personaxes fantasiosos en técnica mixta, representa fragmentos vinculados á recoñecida obra de Joyce.

Poderá visitarse dende o **17 de maio ao 31 de xullo de 2024.**

Sala do 1º edificio

## CENTRO SOCIOCULTURAL O VELLO CÁRCERE

### EXPOSICIÓNS TEMPORAIS

**'DESTINO IGUALDADE' – FUNDACIÓN VICENTE FERRER**

Mostra itinerante da Fundación Vicente Ferrer, en colaboración co Concello de Lugo, que propón un percorrido en autorickshaw. A través das historias de superación de Nagalakshmi e de outras mulleres da India e de España, visibilízase o proceso de apoderamento e os cambios positivos xerados nas súas vidas.
Poderá visitarse dende o **23 de maio ao 30 de xuño de 2024**

Calabozo da segunda planta

**'ARTE LUCUS' – ÁNGEL PICOS, DIEGO DOPICO (J. PEAK) E SERGEY SON**

Os pintores Ángel Picos, Diego Dopico e Sergey Son, membros da Asociación GalioArt, únense unha vez máis para expoñer o seu traballo nesta mostra colectiva, que representa en estilos e xestualidade diversos a paisaxe, os rostros e un imaxinario con moito arraigamento á cultura galega.
Poderá visitarse dende o **26 de maio ao 10 de xullo de 2024**

Bloque de mulleres - Segunda planta

## CENTRO SOCIOCULTURAL O VELLO CÁRCERE

### EXPOSICIÓNS TEMPORAIS

**'HERDANZA ENVELENADA – MARÍA CABALEIRO**

"Herdanza envelenada" é a exposición de fotografía de María Cabaleiro, coa que nos convida a reflexionar sobre a cantidade de residuos plásticos que xeramos. Este proxecto convértese nun intento de transformar o insoportable en algo fermoso. As imaxes de mares e océanos cheos de lixo adquiren un novo significado. A culpa é colectiva e todos somos responsables. É unha chamada á acción, a reflexionar sobre o impacto ambiental e a buscar un futuro libre de plástico.
**Poderá visitarse dende o 1 de xuño ao 27 de xullo.**

Bloque de mulleres - 1ª planta

## CENTRO SOCIOCULTURAL O VELLO CÁRCERE

### PROGRAMACIÓN O VELLO CÁRCERE

Actividade: **ESPAZO DE LECER**

O Espazo de Lecer é un servizo innovador de conciliación familiar pensado para que nenos e nenas de idades comprendidas entre os 3 e 8 anos, poidan xogar e aprender.

Dúas monitoras organizan diversas actividades lúdicas e educativas co obxectivo de que os máis pequenos coñezan a historia do edificio e as exposicións que alberga, afiancen unha serie de valores e traballen sobre a promoción da lingua, a reciclaxe e outras datas sinaladas.

Durante o mes de xuño os "Contacontos miúdos" e as "Cousiñas xeitosas" chegan ao seu fin, pero estará aberto para que os máis pequenos poidan vir ler, debuxar e xogar durante o "Tempo de Lecer".

- Horario (sábados, domingos e festivos):

| | |
|---|---|
| MAÑÁS | **1ª quenda:** 11:00 - 12:30 h<br>**2ª quenda:** 12:30 - 14:00 h |
| TARDES | **1ª quenda:** 16:00 - 17:30 h<br>**2ª quenda:** 17:30 - 19:00 h |

*Recoméndase inscrición previa a partir do luns (inclusive)

## CENTRO SOCIOCULTURAL O VELLO CÁRCERE

### PROGRAMACIÓN O VELLO CÁRCERE

SÁBADOS

Actividade: **CLUBS DE LECTURA**

**PÚBLICO INFANTIL**

- 'Ratiños de Biblioteca' de 8 a 12 anos.
  8 de xuño

**PÚBLICO ADULTO**

- 'En-clave feminista', club de lectura feminista.
  15 de xuño
- 'Gregorio Sanz', club de lectura de memoria democrática.
  22 de xuño

Horario: de 12:00 a 13:00 h.

## CENTRO SOCIOCULTURAL O VELLO CÁRCERE

### PROGRAMACIÓN O VELLO CÁRCERE

LUNS 10 DE XUÑO

Actividade: **'ABRINDO AS PORTAS'**

Actividade que aborda diferentes cuestións e conceptos arredor da arquitectura carcelaria e do conxunto patrimonial de O Vello Cárcere.

Público: adulto
Horario: 16:30h. a 17:30h.
**Con inscrición previa.**

LUNS 10 DE XUÑO

Actividade: **'E TI QUE CONTAS?'**

Obradoiro de escritura xuvenil que emprega diferentes dinámicas e ferramentas narrativas para desenvolver e afianzar estratexias de expresión escrita e oral.

Público: 13-16 anos
Horario: 17:30h. a 18:30h.
**Con inscrición previa.**

## CENTRO SOCIOCULTURAL O VELLO CÁRCERE

### PROGRAMACIÓN O VELLO CÁRCERE

MARTES 11 DE XUÑO

Actividade: **'CONSTRUÍNDO MEMORIA'**

Espazo de encontro, reflexión e debate sobre diferentes cuestións relacionadas co concepto de 'memoria'.

Público: adulto
Horario: 16:30h. a 17:30h.
**Con inscrición previa.**

MARTES 11 DE XUÑO

Actividade: **'PEQUEVIÑETISTAS'**

Obradoiro infantil de creación de banda deseñada. A través dos fondos da Biblioteca O Vello Cárcere, as participantes poderán ler, analizar e crear as súas propias historietas.

Público: 7-12 anos
Horario: 17:30h. a 18:30h.
**Con inscrición previa.**

## CENTRO SOCIOCULTURAL O VELLO CÁRCERE

### PROGRAMACIÓN O VELLO CÁRCERE

MÉRCORES 12 DE XUÑO

Actividade: **'A TODA COR'**

Obradoiro infantil que trata, mediante diversas dinámicas de aprendizaxe, os valores humanos e os principais temas de actualidade que xiran arredor de datas significativas.

Público: 3-8 anos
Horario: 17:30h. a 18:30h.
**Con inscrición previa.**


CENTRO SOCIOCULTURAL O VELLO CÁRCERE
EVENTOS
XOVES 06 XUÑO
Actividade: PRESENTACIÓN "EL CAMINO HACIA DESPUÉS" DE AMADOR FONFRÍA
O autor, Amador Fonfría Santín estará acompañado de Xesús Trashorras e Manuel Vázquez. Ademais, a presentación contará cunha actuación musical de Toño Núñez e Xosé Manuel Do Castro
Horario: 20:00h.
Entrada libre e de balde ata completar aforo.
MÉRCORES 12 DE XUÑO
Actividade: PRESENTACIÓN "EL CUARTO VÉRTICE" DE CARLOS MORENO
O autor, Carlos Moreno Lugrís, presentará o seu libro acompañado do doutor Francisco Javier Neira Pampin e da editora de Hércules de Ediciones, Laura Rodríguez Herrera.
Horario: 19:00 h.
Entrada libre e de balde ata completar aforo.


Programa
Tándem
Inglés
Francés
Alemán
Galego
Italiano
Catalán
Queres practicar estes ou outros idiomas?
Máis información e inscricións:
982 297 195
vellocarcere@lugo.gal


SURMA
PORTUGAL 16.03.2024 – 13:30H.
ALEX NITE & TOTTI SLAUGTER
DJ SET 100% VINILO 30.03.2024 – 13:00H.
JOHN DUER & THE BLUES FREAKS
"THE LAST TOUR" 06.04.2024 – 13:30H.
TROPICAL DJ
DJ SET 13.04.2024 – 13:00H.
ATAQUE ESCAMPE
Presentación LP "CABALGATA" 20.04.2024 – 13:30H.
THEE BLIND CROWS
"Garaxe e R&R nas Letras Galegas"" 17.05.2024 – 19:30H.
Tō Yō
JAPÓN 22.06.202 – 13:30H.
ENTRADA GRATUITA
HOGRUF.COM
Ho! Gruf


XVII Jornadas Jurídicas Román García Varela: ciberseguridad y delitos informáticos
Lugo
Online
0.5 créditos
Extensión Universitaria
del 12 al 14 de junio de 2024
+ INFO
XVII Jornadas
jURíDiCAS
Román García Varela
UNED
LUGO


Consulta
as Bases
Prazo do 5 ao 17 de xuño 2024
DÍA MUNDIAL DO MEDIO AMBIENTE
5 de xuño de 2024
CONCURSO FOTOGRÁFICO
#GeneraciónRestauración
#UNEDfutura
#SOMOS2030
UNED
LUGO

# INFORMACIÓN TURÍSTICA

CENTROS CULTURAIS – MUSEOS –
OFICINA DE TURISMO

# EXPLORA LUGO



## Museo MIHL

Av. Infanta Elena, s/n, 27003
982 297 446
museo.mihl@lugo.gal
instagram.com/mihl_museo/



## O Vello Cárcere

Praza da Constitución, s/n. 27002
982 297 195 vellocarcere@lugo.gal
facebook.com/OVelloCarcere
instagram.com/ovellocarcere/
twitter.com/o_vello_carcere



## Sala de Exposicións Porta Miñá

Rúa do Carme, 3, 27004
982 250 962 museo.porta@lugo.gal
facebook.com/lugomuseos/
instagram.com/museoslugo/



## Casa dos Mosaicos

Rúa Doutor Castro, 20, 22, 27001
982 25 48 15 casadosmosaicos@lugo.gal
facebook.com/lugomuseos/
instagram.com/museoslugo/



## Centro de Interpretación da Muralla

Praza do Campo, 11, 27001
982 251 658 cim@lugo.gal
facebook.com/lugomuseos/
instagram.com/museoslugo/



## Oficina de Turismo

Praza do Campo, 11, 27001
982 25 16 58 lugoturismo@lugo.gal
facebook.com/TurismodeLugo/

# EXPLORA LUGO



**Centro arqueolóxico San Roque**

Rúa Emilia Pardo Bazán s/n, 27002
982 801 105    museo.sroque@lugo.gal
facebook.com/lugomuseos/
instagram.com/museoslugo/



**Museo Provincial de Lugo**

Praza da Soidade s/n 27001
982 242 112    info@museolugo.org
facebook.com/redemuseisticaprovincial
twitter.com/RedeMuseistica



# EXPLORA LUGO



Concello de Lugo

Área de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua

982 297 199

LugoTurismo

culturaturismolugo

LugoTurismo

**ENTRADASLUGO.ES**

Para recibir este boletín: envía a túa dirección de correo electrónico a 010@lugo.gal Asunto: boletín.